

Cazadores de erros:

Escribe a palabra correcta enriba da mal escrita:

Estornudou cando fixo cosquillas coa lingua no paladar.

O ciruxano queimoulle unha verruga que lle producía picores nun muslo

Andivo comendo bollos de nata porque é realmente goloso e adora as chuches

Tiña a costumbre de pellizcarse os codos ate dañar a piel.

O xénero en galego:

Olla estes cambios de xénero. Indica o significado de cada palabra :

CABALO	CABALA.....
COLO	COLA.....
CAN	CANA... ..
RATO.	RATA
CARO.....	CARA.....
LIBRO.....	LIBRA.....

Indica se estas palabras son masculinas ou femininas. Engade **O** ou **A** diante:

..... BECHAMEL..... COUCE CUSPE LUME SINAL
 ANÁLISE COR FANTASMA PONTE SUOR
 FERRUXE DOSE LEGUME CAL ÁRBORE

Palabras onomatopeicas:

Inventa un verbo (acción) para estas situacións:

caer pingas de chuvia no chan estender manteiga en pan mastigar curruncho de pan

Dicionario

Busca estas palabras, anota o significado no caderno e fai unha frase con cada unha.

RECANTO – RECUNCHO – CANTO – FAÍSCA – ZARANGALLADA – LIORTA – ZAMPALLÁN